



IV CONCURSO DE BOOKTRAILERS

O ENDL do IES Pontepedriña convoca o IV Concurso de Booktrailers, un certame de vídeos que ten como obxectivo promover a lectura de libros en galego e a creatividade audiovisual do alumnado. A convocatoria e a resolución deste concurso rexeráse polas seguintes bases:

1. O obxectivo do concurso é contribuir á creación e difusión de traballos audiovisuais escolares no ámbito da normalización lingüística e promover a lectura como entretemento entre a mocidade.
2. Poderán concursar mozos e mozas de entre 12 e 18 anos de centros educativos sostidos con fondos públicos de toda Galicia.
3. Cada alumno ou alumna poderá presentar un máximo de dúas creacións inéditas da súa autoría. En caso de empregar imaxes e/ou música que non sexan propias, deberán estar libres de dereitos de autor ou baixo a licenza Creative Commons.
4. Os booktrailers terán como finalidade promocionar calquera libro de lectura escrito en galego ou ben unha tradución ao galego.
5. A duración mínima é de 60 segundos e a máxima de 120 segundos.
6. Os traballos en soporte dixital (en calquera formato) enviaranse por correo electrónico ao enderezo de normalización lingüística do centro (endlpontepedrina@gmail.com). Paralelamente cubrirase unha ficha de inscrición dispoñible na páxina web do IES Pontepedriña.
7. O prazo de entrega dos traballos comeza o día 23 de abril e remata o día 18 de maio de 2021.
8. Haberá dúas categorías de participación:
 - De 12 a 15 anos.
 - De 16 anos a 18.
9. Hai dous premios para cada categoría:
 - 1º premio: valorado en 150 Euros.
 - 2º premio: valorado en 100 Euros.
10. Na avaliación dos traballos teranse en conta os seguintes criterios: orixinalidade, creatividade, calidade artística, eficacia comunicativa e calidade lingüística.



11. O xurado estará formado por profesorado dos departamentos de Lingua Galega, Artes Plásticas e Música do IES Pontepedriña.

12. Os traballos gañadores publicaranse durante a segunda semana do mes de xuño, na páxina web do instituto, nas nosas redes sociais, no blog da Biblioteca e nas webs da Xunta de Galicia.

13. As persoas participantes no concurso autorizarán a emisión da súa imaxe persoal nos booktrailers e nas acción de difusión derivadas.

14. A participación no concurso implica a aceptación destas bases.